



INFORMACIÓN SOBRE OS PROCESOS DE SEGUIMENTO E DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN

(decembro de 2023)

Seguimento anual

Aplicación de calidade: <https://calidade.udc.gal/>

Deben realizalo cada curso académico:

- todos os PODs coordinados pola UDC.
- os PODs coordinados por outras universidades deberán incluír, cando menos, a información correspondente ao POD na UDC.

Incorporación da documentación na aplicación:

- Responsable: coordinador/a do POD.
- Formato dos arquivos: pdf, xls, xlsx, doc, docx.
- Tamaño máximo de cada arquivo: 64 MB.

Prazos:

setembro a decembro	Incorporación de evidencias/indicadores e autoinforme en https://calidade.udc.gal/ .
xaneiro	Aprobación do autoinforme pola Comisión Permanente da EIDUDC.

Seguimento/renovación da acreditación en AVALÍA (aplicación de calidade da ACSUG)

<https://avalia.acsug.es>

Quen utiliza esta aplicación:

- Os PODs coordinados pola UDC, para incorporar:
 - indicadores, evidencias e autoinforme do **seguimento anual que vai recibir resposta da axencia**.
 - indicadores, evidencias e autoinforme da **renovación da acreditación** do título.

Quen accede á aplicación:

- **UTC:** Unidade Técnica de Calidade (en representación da UDC).
- **EIDUDC:** Escola Internacional de Doutoramento da UDC (como centro).
- **Coordinador/a do POD** (representante do título; accede co seu correo electrónico da UDC e co contrasinal que lle remita a ACSUG).

Alta en AVALÍA:

- O/a coordinador/a solicita a alta na aplicación AVALIA á UTC (sgic@udc.es), que a tramita á ACSUG.
- A ACSUG envía por correo electrónico (avalia@acsug.es) ao/á coordinador/a o contrasinal de acceso.

Incorporación da documentación en AVALÍA e peche da aplicación:

- Responsable: coordinador/a do POD.
- Formato dos arquivos: pdf, xls, xlsx, ods, zip, rar.
- Tamaño máximo de cada arquivo:
 - Autoinforme: 64 MB.
 - Evidencias/indicadores: 16 MB (cada un deles).

Prazos: determinados no seu momento pola ACSUG.



Guías e formularios para elaborar a documentación

- **Textos de apoio para elaborar o autoinforme:** Deben solicitarse a subdirección.eid@udc.es
- **Web da EIDUDC**, apartado CALIDADE (<https://www.udc.es/es/eid/calidade/>):

SEGUIMIENTO/RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN:

- Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Programas de Doutoramento (ACSUG).
- Guía de seguimento e acreditación dos títulos oficiais de doutoramento (ACSUG).
- Información sobre o proceso de seguimento/renovación da acreditación.
- Formularios para o proceso de seguimento:
 - Anexo I. Autoinforme
 - Anexo IV. Plan de Mellora
 - Anexo V. Táboa 1. PDI do programa de doutoramento
 - Anexo V. Táboa 2. Grupos de investigación
 - Anexo V. Táboa 3. Proxectos de investigación competitivos activos de cada grupo
 - Anexo V. Táboa 4. Teses de doutoramento dirixidas no POD no período avaliado
 - Anexo V. Táboa 5. Contribucións científicas

Fontes de información sobre os programas de doutoramento da UDC

RUCT: Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (<https://www.educacion.gob.es/ruct/home>)

Información: estado dos PODs (datas de verificación, aprobación polo Consello de Ministros, autorización da Comunidade Autónoma e renovación da acreditación; universidades participantes).

Web da EIDUDC, apartado CALIDADE (<https://www.udc.es/es/eid/calidade/>):

RESULTADOS DA EIDUDC:

- Memoria anual da EIDUDC
- Informe anual de resultados da EIDUDC
- Indicadores de seguimento (pendente)

Portal de títulos, apartado RESULTADOS (<https://estudios.udc.es/es/doctorates>)

- Indicadores de seguimento (dende o curso académico 2017/18)
- Teses defendidas no POD (por ano natural).
- Publicacións asociadas á tese (extraídas do documento de actividades do alumnado).

Xestat (<https://aplicativos.udc.es/xestat/>)

- Acceso:
 - Equipo Directivo da EIDUDC.
 - Coordinador/a do POD. Solicitude de alta: subdireccion.eid@udc.es
 - Administracións de centros. Solicitude de alta: subdireccion.eid@udc.es
- Ruta para acceder á información: 1. Datawarehouse. 2. EIDUDC. 3. Informes de calidade. 4. Visualizar.
- Información sobre:
 - **Indicadores xerais** (prazas ofertadas, demanda, matrícula; porcentaxe de estudantes estranxeiros; % de matriculados a tempo completo, parcial e mixto; % de alumnado con estadías aprobadas pola CAPD; % de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral; número de teses codirixidas; % de expertos internacionais nos tribunais de tese; número de teses defendidas; % de teses realizadas a tempo completo, parcial e mixto; número de teses presentadas en galego, en castelán e noutro idioma; duración media dos estudos a tempo completo, parcial e mixto; taxa de éxito (% de estudantes



que defenden a súa tese sen pedir prórroga e despois da primeira e da segunda prórroga; porcentaxe de teses cum laude e con mención internacional).

- **Indicadores sen curso** (IPD15 Porcentaxe de PDI con sexenios vivos; IPD15.1 Número total de sexenios; IPD16 Porcentaxe de PDI de institucións estranxeiras).
- **IPD12. Perfil de ingreso** (IPD12 Porcentaxe de estudantes segundo o perfil de ingreso).
- **IPD12. Perfil de ingreso con titulación** (IPD12 Porcentaxe de estudantes segundo o perfil de ingreso e titulación)
- **IPD13. Liñas de investigación** (IPD13 Porcentaxe de estudantes segundo a liña de investigación).
- **Táboa I. PDI.** Relación de profesorado do POD, indicando para cada un: categoría, dedicación (completa/parcial), grupo de investigación, teses dirixidas, sexenios concedidos, data do último sexenio concedido, se é ou non é doutor/a.
- **Táboa estudiantado.** Relación do alumnado do POD, indicando para cada un: liña de investigación, curso de ingreso, dedicación (completa, parcial ou mixta), perfil de ingreso, titor/a, director/es, data de presentación do plan de investigación...).